

AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

- **Presentación da solicitude: do 24 de maio ata o 22 de xuño.**
- **Publicación das listaxes provisionais: o 9 de xullo de 2021.**
- **Reclamacións: do 12 e 13 de xullo de 2020.**
- **Para publicar as listaxes definitivas: o 15 de setembro de 2021.**

DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE **TODOS/AS OS ALUMNOS/AS** QUE DESEXEN SOLICITAR AS AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR.

A PARTIR DO PRÓXIMO CURSO O NOSO CENTRO PARTICIPA NO PROXECTO EDIXGAL DENDE 1º ATA 4º DE ESO, NON HABERÁ LIBROS DE TEXTO, POLO TANTO NON PODERÁ SOLICITARSE A PARTICIPACIÓN NO FONDOLIBROS PERO SÍ NA SOLICITUDE DE AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR
PRAZO FINAL PARA PRESENTAR A SOLICITUDE: **22 DE XUÑO.**

NON SE ADMITIRÁN SOLICITUDES PRESENTADAS MÁIS TARDE DESA DATA.

Terase en conta para o cálculo da renda per cápita familiar a **declaración da renda** con data **31 de decembro de 2019.**

Documentación necesaria para solicitar a participación no fondo solidario de libros de texto ou as axudas á adquisición de libros de texto e/ou material escolar:

As solicitudes presentaranse **preferiblemente por vía electrónica** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática **Fondolibros** (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

- Solicitude: Anexo I. Se hai varios membros da unidade familiar matriculados no mesmo centro entregárase **UNHA SOA SOLICITUDE, agás se se presenta de forma telemática que deberá presentarse unha por cada alumno/a**
- Membros computables da unidade familiar. Copia do libro de familia ou:
 - Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - Certificado de defunción.
- Poderá autorizar a consulta telemática dos datos, se non é así deberá presentar a documentación xustificativa correspondente.

Lembramos que para poder recibir a AXUDA PARA COMPRA DE MATERIAL é imprescindible **DEVOLVER** os libros que se recibiron do FONDO SOLIDARIO (3º - 4º de ESO).

Prazo máximo para devolvelos: 22 de xuño. Os que teñan que examinarse en setembro levarán os libros que precisen e deberán devolvelos antes do **7 de setembro.**

MÁIS INFORMACIÓN:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/34002>

<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros/>